

Exposición:
Eduardo Barreiros



FEGACLASIC

FEIRA GALEGA DO AUTOMÓBIL CLÁSICO

PONTECESURES • PONTEVEDRA
26 e 27 de xuño

Espazos gratuítos para expositores e vendedores

Exposición e venda: Coches | Motos | Camións | Maquinaria | Repostos | Conferencias | Concursos | Bibliografía...

A FEIRA GALEGA DOS PROFESIONAIS E AFECCIONADOS AO VEHÍCULO CLÁSICO E ANTIGO



Presentación

Amigas e amigos dos vehículos clásicos, Fegaclasic abre as súas portas por cuarta vez nun ano de especiais dificultades para todos. Por iso, dende a Asociación Cultural Mirándolle os Dentes, queremos agradecer o apoio decisivo que recibimos para que este proxecto vexa unha nova edición. Apoio en forma de novos socios e de contribucións de todo tipo que fan verdade aquilo mil veces dito de “sen vós isto non sería posible”. A todas e todos, grazas.

A cuarta edición de Fegaclasic reúne este ano, ademais das seccións xa habituais: coches clásicos e antigos, motos, vehículos de todo tipo, maquinaria, recambios, compra-venda, pezas orixinais, etc, unha sección que para nós ten unha importancia especial, a exposición sobre Eduardo Barreiros. Barreiros, fundador dunha marca emblemática que nos anos 60 e 70 revolucionou coas súas innovacións o estreito mundo da automoción española nun momento histórico que, como a coxuntura que vivimos agora mesmo, aínda que por razóns ben diferentes, tamén era de crise profunda. Ogallá vos guste o que este ano preparamos nesta Fegaclasic 2010 que xa comeza. Ogallá descubrades algo que descoñecíades, que atopedes esa peza que buscades ou o vehículo co que soñades. Para iso facemos Fegaclasic. Benvidos a todos e todas.

José Carlos Potel Saborido

Presidente da asociación cultural Mirándolle os Dentes

ORGANIZA
ASOCIACIÓN CULTURAL

MIRÁNDOLLE
OS DENTES


caixanova

la Caixa

COLABORAN

COMERCIO
Moncho

TRANSPORTE OFICIAL DA IIIª EDICIÓN
DE FEGACLASIC  TRANSPORTES Y
GRÚAS ESTACIÓN



FEGA CLÁSIC[®]

FEIRA GALEGA DO AUTOMÓBIL CLÁSICO

P R O G R A M A

SÁBADO 26 DE XUÑO

- 11.00 h: Apertura da feira.
- 15.00 h: Comezo da 1ª FESTA DA MOTO CLÁSICA. Concentración de motos na Rúa Sagasta. Trofeos á moto mellor restaurada. Á moto mellor conservada no seu estado orixinal. Á moto máis antiga. Ao piloto de máis idade. Ao piloto chegado de máis lonxe. Á moto máis singular.
- 17.00 h: Comezo das probas da 1ª Xincana da Moto Clásica. Trofeos ao 1º, 2º e 3º clasificado.
- 19.30 h: Entrega de trofeos e pinchos para todos os participantes.
- 20.00 h: **INAUGURACIÓN OFICIAL DA EXPOSICIÓN SOBRE EDUARDO BARREIROS:**
Intervirá: Juan Gayá de Prado (representante da Fundación Barreiros). Doctor inxeñeiro industrial (promoción do 1957). Director de Desenvolvemento de Motores e Director de Desenvolvemento de Grupos Motrices.
- 22.00 h: Peche da feira.

DOMINGO 27 DE MAIO

- 10.00 h: Apertura da feira.
- 11.00 h: Concentración de vehículos clásicos nas rúas centrais do pobo. Actuación do grupo folclórico **XARANDEIRA**.
- 13.00 h: Ofrenda floral, homenaxe e salvas con bombas de palenque no monumento ás feiras do automóbil de Pontecesures.
- 15.00 h: Xantar con todos os participantes na concentración de vehículos clásicos.
- 21.00 h: Peche da IV Edición de Fegaclasic.